XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural

XACOBEO'99 Galicia

San Lázaro, s/n – 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo, informa a esta Dirección Xeral o seguinte:

1º.- Que o 4 de xuño de 1957 foi aprobado o consorcio do monte "LA PALLOSA", LU-2218, que como pertencente á parroquia de Hórreos, subscribiran o Concello do Caurel e o Patrimonio Forestal do Estado, a través da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Que o 7 de xullo de 1974 foi aprobado o consorcio do monte "LA PALLOSA", LU-3243, que como pertencente ás parroquias de Seara e Hórreos, subscribiran o Concello de Caurel e o Patrimonio Forestal do Estado.

3º.- Que o 14 de Agosto de 1974, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común tomou o Acordo de clasificar como tal o denominado "DE FERRAMULIN", pertencente á Comunidade integrada polos veciños do lugar de Ferramulín, parroquia de Hórreos, municipio de Caurel. Publicado o devandito Acordo no B.O. da Provincia, nº 6, do xoves 9 de xaneiro de 1955, non se presentu nin interpuxo recurso ningún contra el, polo que é firme.

4º.- Que o 22 de decembro de 1998 a Xunta Rectora da dita Comunidade, conforme co acordado por esta en Asamblea Xeral realizada o 14 do mesmo mes, acordou á súa vez:

- aproba-las Bases dun Convenio a subscribir coa Consellería de Medio Ambiente, que afectase a 206 Has. do monte "DE FERRAMULÍN", da súa pertenza, nas que se incluían 80 has. do "LA PALLOSA",LU-2218, 46 Has. do "LA PALLOSA", LU-3243 e 80 Has., rasas e sen consorciar, que achegaban de novo,

- solicitar da Consellería que o Convenio, na parte que lles afecta, anulase e substituíse ós Consorcios dos montes "LA PALLOSA", LU-2218, e "LA PALLOSA", LU-3243 e

- autorizar ó seu Presidente para a sinatura do Convenio.

5º.- Que, en consecuencia, o novo monte "DE FERRAMULIN", quedará constituído por:

80 Has. do m/"LA PALLOSA", LU-2218
46 Has. do m/"LA PALLOSA", LU-3243 e
80 Has., rasas sen conveniar.

6º.- O Convenio ten por obxecto a incorporación do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio, a repoboación das hectáreas rasas que se achegan, a conservación e tratamento selvicola das mesmas, o seu aproveitamento e as obras e traballos complementarios e auxiliares, concordantes con tales fines.

7º.- As superficies do monte "LA PALLOSA", LU-2218, son:

| | |
|---|---|
| superficie total | 211 Has. |
| superficie repoboada | 199 Has. |
| superficie inforestal | 12 Has. |

Ó novo monte pasan:

| | |
|---|---|
| superficie total | 80 Has. |
| superficie repoboada | 75 Has. |
| superficie inforestal | 5 Has. |

8º.- As superficies do monte "LA PALLOSA", LU-3243, son:

| | |
|---|---|
| superficie total | 46 Has. |
| superficie repoboada | 44 Has. |
| superficie inforestal | 2 Has. |

Ó novo monte pasan a totalidade, é dicir.

| | |
|---|---|
| superficie total | 46 Has. |
| superficie repoboada | 44 Has. |
| superficie inforestal | 2 Has. |

9º.- A comunidade achega de novo:

| | |
|---|---|
| superficie total | 80 Has. |
| superficie rasa forestal | 78 Has. |
| superficie inforestal | 2 Has. |

10º.- Polo tanto, as superficies actuais do novo monte "DE FERRAMULIN", serán:

| | |
|---|---|
| superficie total | 206 Has. |
| superficie repoboada | 119 Has. |
| superficie rasa forestal | 78 Has. |
| superficie inforestal | 9 Has. |

11º.- Gastos por traballos e ingresos do monte "LA PALLOSA", LU-2218.

a ) Gastos por traballos

| | |
|---|---|
| ó 31-12-1997 | 1.289.852.- ptas. |
| ó 31-12-1974, ano en que se clasificou como en man común o monte da Comunidade de Ferramulín | 1.289.852.- ptas. |

A ter en conta conforme á Disposición Adicional Segunda da Lei 13/1989, do 10 de outubro:

75/199 x 1.289.852.- ptas. - 75/199 x 1.289.852.- ptas. 0.- ptas.

b ) Ingresos

----

12º.- Gastos por traballos e ingresos do monte "LA PALLOSA", LU-3243

a ) Gastos por traballos

| | |
|---|---|
| ó 31-12-1997 | 313.469.- ptas. |
| ó 31-12-1974, ano en que se clasificou como en man común o monte da Comunidade de Ferramulín. | 313.469.- ptas. |

A ter en conta conforme á Disposición Adicional Segunda da Lei 13/1989, do 10 de outubro:

44/44 x 313.469.- ptas. - 44/44 x 313.469.-ptas. 0.- ptas.

b ) Ingresos

----

13º.- Que os gastos que por traballos, administración e gardería, así como os ingresos que das contas dos Consorcios dos montes "LA PALLOSA", LU-2218 e "LA PALLOSA", LU-3243, pasan á conta do Convenio do monte "DE FERRAMULIN", son:

a ) GASTOS

| | |
|---|---|
| do monte "LA PALLOSA", LU-2218 | |
| traballos | 0.- ptas. |
| administración: 7,85/100 x 0.- ptas. | 0.- ptas. |
| gardería: 75 Has. x 1.150.- ptas/Ha. | 85.250.- ptas. |
| do monte "LA PALLOSA", LU-3243 | |
| traballos | 0 .- ptas. |
| administración: 7,85/100 x 0.- ptas | 0.- ptas. |
| gardería: 44 Has. x 1.150.- ptas./Ha. | 50.600.- ptas. |
| **TOTAL GASTOS** | **136.850.- ptas.** |

b ) INGRESOS

| | |
|---|---|
| do monte "LA PALLOSA", LU-2218 | ----- |
| do monte "LA PALLOSA", LU-3243 | ----- |
| **TOTAL INGRESOS** | ----- |

14º.- Que a conta do Convenio do monte "DE FERRAMULÍN", se abre cun saldo de:

136.850.-ptas. - 0.-ptas. **136.850.- ptas.**

Por todo isto, propoñemos:

PRIMEIRO.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome do monte: "DE FERRAMULIN"
Elenco: 2715896.
Superficie: 206 Has.
Pertenza: Comunidade de Ferramulín.
Término municipal: Caurel.
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipio: 50%
Xuro sobre o anticipo: 1%
Participación da Comunidade no voo creado: 70%
Participación da Consellería no voo creado: 30%

SEGUNDO.- Que a conta do Convenio do monte "DE FERRAMULIN", 2715896, se abra cun saldo de 136.850.- ptas., sen prexuízo dos gastos e ingresos que puideran te-las contas dos Consorcios dos montes "LA PALLOSA", LU-2218 e "LA PALLOSA", LU-3243, con posterioridade á data do seu pechamento.

TERCEIRO.- Que o monte LU-2218, teña no sucesivo as seguintes características:

Nome: "LA PALLOSA"
Elenco: LU-2218
Superficie: 131 Has.
Pertenza: Parroquias de Seara e Hórreos.
Termo municipal: Caurel.

CUARTO.- Que por ter pasado á conta do Convenio do monte "DE FERRAMULIN", 2715896, das contas do Consorcio do monte "LA PALLOSA", LU-2218, se restan as seguintes cantidades:

| | |
|---|---|
| gastos: 75Has./199Has. x 0.- ptas. | 0.- ptas. |
| ingresos: 75Has./199 Has. x 0.- ptas. | 0.- ptas. |

QUINTO.- Que se cancele o Consorcio do monte das seguintes características:

Nome: "LA PALLOSA"
Elenco: LU-3243.
Superficie: 46 Has.
Pertenza: Parroquias de Seara e Hórreos.
Termo municipal: Caurel.

Santiago, 1 de febreiro de 1999

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES
E INDUSTRIAS FORESTAIS

Asdo.: Plácido Baamonde López

VISTO E PRACE
O DIRECTOR XERAL

Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE**

XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE**
Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural

XACOBEO'99 Galicia

San Lázaro, s/n – 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Visto o expediente de sinatura dun Convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e a Comunidade de Ferramulín, Concello de Caurel, propietaria do Monte Veciñal en Man Común "DE FERRAMULÍN", elenco 2715896, sendo a superficie conveniada de 206 Has., nas que se inclúen 80 Has. do monte consorciado "LA PALLOSA", LU-2218, 46 Has. do Monte "LA PALLOSA", LU-3243, que se cancela e 80 Has. sen consorciar, que se achegan de novo, e á vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Lugo, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, o artigo 57 do devandito Real Decreto, así como a Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e o Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago, 22 de febreiro de 1999

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA

XUNTA DE GALICIA – DIRECCIÓN XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL – CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Asdo.: Mª José Tato Rocha.

**ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.**

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola súa Sección Xurídica e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo,

## RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aproba-lo Convenio das seguintes características:

Nome do monte: "DE FERRAMULÍN"
Elenco: 2715896
Superficie: 206 Has.
Pertenza: Comunidade de Ferramulín.
Termo municipal: Caurel.
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo: 50%
Xuro sobre o anticipo: 1%
Participación da Comunidade no voo creado: 70%
Participación da Consellería no voo creado: 30%

SEGUNDO.- Que a conta do Convenio do monte "DE FERRAMULÍN", 2715896, se abra cun saldo de 136.850.-ptas., sen prexuízo dos gastos e ingresos que puideran te-las contas dos Consorcio dos montes "LA PALLOSA", LU-2218 e "LA PALLOSA", LU-3243, con posterioridade á data do seu pechamento.

TERCERO.- Que o monte LU-2218, teña no sucesivo as seguintes características:

Nome: "LA PALLOSA"
Elenco: LU-2218
Superficie: 131 Has.
Pertenza: Parroquias de Seara e Hórreos.
Termo municipal: Caurel.

XUNTA DE GALICIA

CUARTO.- Que por ter pasado á conta do Convenio do monte "DE FERRAMULÍN", 2715896, das contas do Consorcio do monte "LA PALLOSA", LU-2218, se restan as seguintes cantidades:

| | |
|---|---|
| gastos: 75 Has./199 Has. x 0 ptas. | 0.- ptas. |
| ingresos: 75 Has./199 Has. x 0 ptas. | 0.- ptas. |

QUINTO.- Cancela-lo Consorcio do monte das seguintes características:

Nome: "LA PALLOSA"
Elenco: LU-3243
Superficie: 46 Has.
Pertenza: Parroquias de Seara e Hórreos.
Termo municipal: Caurel.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 1999
O CONSELLEIRO
(POR ORDE 12-01-98)
O SECRETARIO XERAL

XUNTA DE GALICIA SECRETARIA XERAL CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Asdo.: José Luis Aboal García-Tuñón.

**ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.**

# C O N V E N I O

| N.º | 2 7 1 | 5896 |
|---|---|---|

En Santiago de Compostela, a 23 de febreiro de mil novecentos noventa e nove .

## R E U N I D O S

Dunha banda, D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ , Conselleiro de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. MIGUEL LEMOS GARCIA, con D.N.I. nº. 76.603.628 como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común "DE FERRAMULIN" , segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

## E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, do 4 de xaneiro, sobre fomento da producción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279178, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69184, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexerase polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.– O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do 4 de Xuño de 1.957 e 7 de Xullo de 1.964 para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.– Os terreos afectados polo presente Convenio pertenzen a Comunidade integrada polos veciños do lugar de Ferramulín, parroquia de Hórreos, concello do Caurel

e son os que a continuación se describen:

Denominación: "DE FERRAMULIN"

Termo municipal: Caurel Provincia: LUGO

Situación administrativa e legal **Monte en man común, pertencente a Comunidade integrada polos veciños do lugar de Ferramulín, parroquia de Hórreos, termo municipal de Caurel.**

Límites:

**PARCELA I.-**

N.: **N.- Monte "LA PALLOSA", LU-2218 e monte da Comunidade de Hórreos;**
**L.- Mais monte da Comunidade de Ferramulín e propiedades particulares;**
**S.- Estrada de Ferramulín a Quiroga e termo municipal de Quiroga e**
S.: **O.- Termo municipal de Quiroga.**

**PARCELA II.-**

L. : **N.- Propiedades particulares;**
**L.- Provincia de León e monte "LASTREDO", LU-2196;**
**S.- Monte "LASTREDO", LU-2196 e**
O. : **O.- Monte "LASTREDO", LU-2196, mais monte da Comunidade de Ferramulín e propiedades particulares.**

Superficie: **206 (DUASCENTAS SEIS) Hás.**

Estado forestal: **119 (CENTO DEZANOVE) Hás. repoboadas, 78 (SETENTA E OITO) Hás. rasas forestais e 9 (NOVE) Hás. inforestais.**

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: **- - -**

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: **119 (CENTO DEZANOVE) Hás.**

Sen vexetación arbórea: [redacted] **87 (OITENTA E SETE) Hás.**

3ª.– O chan continuará pertencendo a **Comunidade integrada polos veciños do lugar de Ferramulín, parroquia de Hórreos, termo municipal de Caurel**

que achega ó convenio:

a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.

b) Os terreos descritos na cláusula segunda.

c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.– A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución. Na correspondente conta de gastos, o **cincoenta** por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante **cincoenta** por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do **un** por cento anual.

5ª.– Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acredor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferencia entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Medio Ambiente, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: **80 Hás. do monte "LA PALLOSA", LU-2218 e 46 Hás. do monte "LA PALLOSA", LU-3243.**

6ª.– As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

7ª.– Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o ........ **trinta** ........ por cento será para a Consellería de Medio Ambiente, e o ........ **setenta** ........ por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Medio Ambiente recibirá o ........ - ........ por cento, e a comunidade propietaria, o ........ - ........ por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregarase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.– En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuíndo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.– o presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Medio Ambiente, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administra tivo, será inscritible no Rexistro da Propiedade.

10ª.– A duración deste convenio será por un período de ........ **cincoenta** ........ anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería Medio Ambiente, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automáticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que substentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Medio Ambiente se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.– Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construccións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente, se esta o precisar.

12ª.– A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será ........ **P. sylvestris e P. pinaster e frondosas nos solos aptos para elas.** ........

13ª.– O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Medio Ambiente interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don JESÚS NÚÑEZ FERNÁNDEZ en funcións de , encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

**CERTIFICO:**

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común " DE FERRAMULÍN ", pertencente ós veciños do lugar de Ferramulín, parroquia de Hórreos, concello de FOLGOSO DO COUREL. Foron rexistrados coa data do 29-09-1992 e co número de rexistro 0313.

2.—Que, así mesmo, figura Don MIGUEL LEMOS GARCÍA, e Don SEGUNDO GONZÁLEZ LÓPEZ, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, elixida coa data do 29-09-1997

E para que conste, expido a presente certificación en Lugo a 8 de xaneiro de 1999.

Don SEGUNDO GONZALEZ LOPEZ, Secretario da Comunidade de Ferramulín, termo municipal de Caurel.

C E R T I F I C O : Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 14 de Decembro de 1.998 estando designado Don MIGUEL LEMOS GARCIA, Presidente representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Ferramulín (Caurel) a vintedous de Decembro de mil novecentos noventa e oito.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

O PRESIDENTE,

Asdo. : Miguel Lemos García.

Asdo. : Segundo Gonzálos López.

Don TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.

*Pola propiedade,*

Asdº.: Miguel Lemos García.

*Pola Consellería de Medio Ambiente,*

O CONSELLEIRO

Asdo.: José Luis Abual García - Tuñón

D. Miguel Lemos García.
D. Segundo González López.
D. Guillermo López López.
D. Manuel Roberto Fdez. Juanes
D. Carlos Otero Valle

En el lugar de Ferramulín, parroquia de Hórreo, término municipal de Caurel, siendo - las trece horas del día 22 de Diciembre de 1.998, se reunen los vecinos que integran la Junta Rectora de la Comunidad de Ferramulín, cuya relación figura al margen.

Conforme con lo acordado por dicha Comunidad, en Asamblea General celebrada el día 14 del mes en curso, acuerdan a su vez:

1º.- Aprobar las Bases de un Convenio a suscribir con la Consellería de - Medio Ambiente que afecte a 206 Hás. del monte "DE FERRAMULIN", de su pertenencia, en las que se incluyen 80 Hás. del "LA PALLOSA", LU-2218, 46 Hás. del "LA PALLOSA", - - LU-3243, consorciados por el Ayuntamiento de Caurel con el Patrimonio Forestal del - Estado y 80 Hás., rasas y sin consorciar, que aportan de nuevo, con lo que las características del monte a convenir, serán:

Nombre: "DE FERRAMULIN".
Superficie: 206 Hás.
Límites:

PARCELA I.-

N.- Monte "LA PALLOSA", LU-2218 y monte de la Comunidad de Hórreo;
E.- Más monte de la Comunidad de Ferramulín y propiedades particulares;
S.- Carretera de Ferramulín a Quiroga y término municipal de Quiroga y
O.- Término municipal de Quiroga.

PARCELA II.-

N.- Propiedades particulares;
E.- Provincia de León y monte "LASTREDO", LU-2196;
S.- Monte "LASTREDO", LU-2196 y
O.- Monte "LASTREDO", LU-2196, más monte de la Comunidad de Ferramulín y propiedades particulares.

2º.- Solicitar de la Consellería que el Convenio, en la parte que les - afecta, anule y sustituya a los consorcios de los montes "LA PALLOSA", LU-2218 y "LA PALLOSA", LU-3243.

3º.- Autorizar a su Presidente para la firma del Convenio.

.../...

**Y no habiendo mas asuntos que tratar, se cierra el Acta en el lugar y fecha indicados, firmando de conformidad.**

... ...